

## **PREGUNTA DE AER SOBRE INSEGURIDADE E REXISTRO EN CHAPELA**

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

Por motivo das sucesivas queixas dos veciños da parroquia de Chapela, na que seguen a producirse roubos e situacións de inseguridade cidadá, voltamos a preguntarlle pola pouca presenza policial, a cal demandamos que exista as 24 horas do día, ademais de que a oficina de queixas, rexistros, etc. teña unha maior presenza ou publicidade co obxectivo de dar un mellor servizo.

Considerando que os efectivos da policía local que están de garda son escasos para un municipio como Redondela, ¿teñen pensado facer algún cambio para poder ter unha patrulla da policía 24 horas na zona de Chapela, Trasmañó, etc. ao igual que están na zona de Redondela, con visados para poder ampliar ás demais parroquias a presenza das patrullas de garda?

Reclamando a colocación dun cartaz de rexistro municipal na oficina de Chapela ¿cando pensa o Concello darlle a publicidade necesaria para que os veciños poidan resolver o papeleo das súas incidencias sen ter que vir ao Concello?

*O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que en Chapela, como no resto de parroquias, hai presenza as 24 horas da policía, segundo as gardas. Inténtase optimizar recursos. Respecto a oficina de rexistro municipal en Chapela, di que ten letreiro, se ben en papel, deuse publicidade no diario Faro de Vigo e presentouse polo concelleiro Álvarez Ballesteros.*